



DE: INTERVENTORA MUNICIPAL.

A: SR. ALCALDE-PRESIDENTE E MEMBROS DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

ASUNTO: Informe que, de acordo co disposto no art. 168.1 e) do Texto refundido da Lei de facendas locais (Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 18.1.e) do Real decreto 500/90, se emite pola Interventora municipal, en relación co Proxecto de Orzamento para o ano 2018, formado pola Alcaldía e remitido ao Pleno da Corporación para a súa aprobación inicial.

INT/2018/40-2

INFORME DE INTERVENCIÓN

Dona Trinidad Gómez Reiriz, na súa calidade de Interventora municipal, logo de examina-lo Orzamento deste Concello para o exercicio de 2014, en cumprimento do preceptuado nos artigos 168.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004 (en adiante TRLFL), de 5 de marzo, e 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, emite o seguinte:

INFORME:

I) DOCUMENTACIÓN QUE INCORPORA O EXPEDIENTE.

O expediente de Proxecto de Orzamento para o exercicio 2018 de data 5 de marzo de 2018, presentado nesta Intervención está integrado polo Orzamento da propia Entidade e orzamento do Organismo Autónomo “Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais”, en adiante FPSDM.

Cada un dos Orzamentos está constituído por:

- **ESTADO DE GASTOS:** Nos que se inclúen créditos para atender ao cumprimento das obrigas. Figura desagregado por grupos de programa e programa. O orzamento ten carácter limitativo e vinculante, en relación aos créditos incluídos nos estados de gastos, coas especificacións que, en materia de nivel de vinculación xurídica dos créditos se sinalan nas Bases de Execución do Orzamento.

- **ESTADO DE INGRESOS:** Nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

Para a confección do Orzamento, aplícase a estrutura aprobada pola Orde HAP/419/2014, de 4 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/6565/2008, de 3 de decembro pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

A) ANEXOS AO ORZAMENTO XERAL.

O artigo 18 do RD 500/1990 e o artigo 166.1 do TRLRFL mencionan como Anexos ao Orzamento Xeral:



- Estado de situación e movementos da débeda.
- Cadro das inversións plurianuais.
- Estado de consolidación do Orzamento da Entidade co do Organismo Autónomo “Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais”.
- Teito de gasto non financeiro consolidado.

B) DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:

- Memoria subscripta polo Alcalde-Presidente da Corporación.
- Bases de Execución do Orzamento para o exercicio de 2018.
- Avance da liquidación do exercicio 2017.
- Anexo de Persoal da entidade. Plantilla de persoal.
- Anexo de Investimentos.
- Informe económico-financeiro, INT/2018/40-1
- Informe de Intervención. INT/2018/40-2

Polo tanto, pódese dicir que o expediente está completo e contén toda a documentación preceptiva, de acordo co previsto nos artigos 164, 165, 166 e 168 do TRLRFL e artigo 18 do Real decreto 500/90.

II) LEXISLACIÓN APLICÁBEL:

- Artigos 162 a 171 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en adiante TRLRFL).
- Artigos 2 a 23 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en adiante TRLRFL, en materia de orzamentos.
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de Decembro pola que se aproba a estrutura dos presupostos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014, de 4 de marzo.
- Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro de 2004, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local modificada pola Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución del modelo normal de contabilidade local.
- Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de Medidas para Garantir a Estabilidade Orzamentaria e de Fomento da Competitividade.
- LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade financeira.
- Artigos correspondentes da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases do réxime local e do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público
- Lei 3/2017 de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia.



- R.D. 861/1986, de 25 de abril, polo que se aproba o réxime de retribucións de funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2011 de 4 de marzo de economía sostible.
- Artigo 135 da Constitución Española.
- Acordo Marco para o persoal funcionario ó servizo do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.
- Circular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sobre información a comunicar para o cumprimento de obrigas contempladas na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira”.

III) CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS:

PRIMEIRA PARTE: ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE VIXENTE.

1.- CUESTIÓNS PREVIAS DE FORMALIDADE

O orzamento xeral é a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer as Entidades Locais e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das Sociedades Mercantís con capital social pertencente integramente á Entidade Local correspondente.

O dito orzamento estará integrado, polo tanto, polos orzamentos da propia entidade (é dicir, do Concello de Vilagarcía de Arousa), e o dos seu Organismo Autónomo FPSDM.

O orzamento do exercicio 2018 é o sexto elaborado no escenario normativo liderado pola LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade financeira, (en adiante LOEOSF), que veu a desenvolver o artigo 135 da C.E, volvendo a destacar polo seu perfil de inversor.

En canto o procedemento de tramitación, de acordo co disposto no artigo 168.4 TRLRFL, o Alcalde-Presidente debe remitir o Orzamento ao Pleno da Corporación, informado polo Interventor e cos anexos e documentación complementaria, antes do día 15 de outubro de cada ano, para a súa aprobación, emenda ou devolución. Neste caso, incúmprese o prazo establecido, aínda que tal incumprimento non afecta para nada a validez e eficacia ó previsible acordo de aprobación. O prazo previsto no referido artigo non é de carácter preclusivo, senón que só trata de que se inicie o ciclo orzamentario (estudio, aprobación, entrada en vigor, execución e liquidación) en tempo oportuno, de xeito que o debate orzamentario, incluso a presentación de posibles reclamacións, se realice antes do día no que debe entrar en vigor. O



retraso con respecto a data legalmente establecida, obrigará ao Concello a prorrogar automaticamente o Orzamento do exercicio de 2017 para o exercicio de 2018, polo importe dos seus créditos iniciais e sen que caiba a prórroga dos créditos ou programas especialmente previstos para o exercicio de 2017.

De conformidade cós artigos 11, 12 e 13 da LOEOSF 20/2012, os orzamentos que elaboren as Corporacións Locais como subsector integrante do conxunto das administracións públicas, deberá analizar non só o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, senón tamén, o cumprimento da regra de gasto, informar sobre o nivel de débeda viva a 31 de decembro do exercicio e o cumprimento do obxectivo de débeda.

No presente informe analizarase de forma independente o orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo o orzamento da Fundación obxecto de análise independente mediante informe da Intervención delegada incorporado ao expediente, sen prexuízo de que a fiscalización dos obxectivos fiscais si se realice de forma consolidada, a través do **apartado 7º**.

2. CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE EQUILIBRIO ORZAMENTARIO ANUAL:

Os orzamentos municipais para o exercicio 2018 ascenden á contía de **27.340.678,10€** en ingresos, e **27.340.678,10€** en gastos, presentándose equilibrado; Asemade cúmprese co principio de non afectación de Ingresos a gastos salvo nos casos previstos na Lei, polo que debe cumprirse a ecuación de equilibrio de gastos con financiamento afectado, que implica que:

Ingresos Cap. 1+2+3+4+5 maior o igual que Gastos Cap. 1+2+3+4+9

O Ingresos calculados conforme á premisa anterior por importe de **26.060.678,10 euros** son superiores aos Gastos por importe de **25.593.288,80 euros** .

En calquera caso, dende a entrada en vigor da derogada Lei de Estabilidade 2/2007, a concepción do equilibrio orzamentario como a mera correlación entre o estado de gastos e o estado de ingresos veuse superada, de xeito que debe completarse coa aplicación do principio de estabilidade o cal conleva importantes repercusións na xestión financeira das entidades locais, xa que da mesma definición é posible concluír que o que se pretende é que, tanto os gastos correntes como os investimentos sexan atendidos con ingresos de carácter non financeiro polo que, os recursos que traian a súa orixe do endebedamento haberán de financiar, polo xeral, a adquisición de activos financeiros ou amortización de pasivos financeiros.

Como pode observarse este orzamento cumpre de forma superlativa o principio de equilibrio orzamentario, isto é a cobertura dos seus gastos correntes cos ingresos correntes, igual que sucede co principio de estabilidade como veremos máis adiante, que se cumpre sobradamente pero debido a baixa porcentaxe de execución da que adolece o capítulo 6, de xeito que co axuste por inexecución de gastos incorporado pola IGAE é posible non comprometer a estabilidade e o cumprimento da regra de gasto, non obstante debe advertirse que calquera desviación na execución orzamentaria traducida nun gasto por encima da media de inexecución aplicada comprometerá os obxectivos de estabilidade.



A estabilidade orzamentaria implica que de xeito constante a entidade local debe ser capaz de financiar todos os seus gastos non financeiros, incluídos os investimentos, sen recorrer ao endebedamento, de forma que a capacidade inversora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

Simplificando, o volume da débeda non pode aumentar, como máximo debe permanecer constante.

Sen embargo, a dinámica dos sucesivos equipos de goberno é acudir o endebedamento para financiar os seus investimentos sempre que os límites porcentuais llo permita sen ter en conta esta premisa sendo as amortizacións extraordinarias que se veñen realizando anualmente en base ao artigo 32 da LO 2/2012 as que permiten manter un volumen de endebedamento dentro dos límites legais; así o presente proxecto de orzamento contempla novamente a previsión da concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo para dar cobertura nun **83,70%** dos seus investimentos, de forma que a práctica totalidade do incremento dos ingresos non financeiros dedícase ao incremento do gasto de persoal, gasto por transferencias e gasto en bens e servizos, destinando unicamente un **16,30%** deses recursos propios a financiar os investimentos.

Polo tanto, a operación de financiamento non sería necesaria para acometer un programa de investimentos mais austero que sería posible con cargo a recursos propios, sen embargo optouse por un capítulo 6 mais ambicioso, así como por destinar a práctica totalidade da marxe de manobra a aumentar o gasto corrente o que obrigou a previsión dunha nova operación de préstamo, sen prexuízo das repercusións que dita medida poida ter no obxectivos de estabilidade e regra do gasto no caso de acadar marxes de execución superiores a media, inda que como se ve no análise realizado no informe INT/2018/40-1, o volume de endebedamento séguese a reducir grazas as amortizacións extraordinarias.

3- DETERMINACIÓN DA REGRA DO GASTO.

O artigo 12 da LOEOSF 2/2012 ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación. En concreto, mediante Acordo do Consello de Ministros de 7 de xullo de 2017, foron aprobados os obxectivos de estabilidade presupostaria e de débeda 2018-2020 para o conxunto das Administracións Públicas, así como o teito de gasto do estado para 2018.

De esta maneira, queda establecida a esperada taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, que fixará a variación do gasto computable nominal das Corporacións Locais, establecendo as seguintes taxas de referencia:

2018	2019	2020
2,4	2,7	2,8

Incumprir a regra de gasto conlevará a obriga de aprobar un plan económico-financeiro.



Para entender o funcionamento deste parámetro debe considerarse que se trata dunha ferramenta que noutros países aplicouse nos momentos de expansión económica, e non agora, de maneira que se tería evitado o crecemento do gasto das administracións públicas e a porcentaxe que supón sobre o PIB nacional, ademais do seu endebedamento. Na práctica, neste momento de recesión, de redución de gastos e caída dos ingresos, non afectará salvo a aqueles Concellos que teñan unha situación moi saneada e unha previsión de ingresos moi elevada para 2018.

O artigo 12 establece:

“La variación del gasto computable de la Administración Central, de las Comunidades Autónomas y de las Corporaciones Locales, no podrá superar la tasa de referencia de crecimiento del Producto Interior Bruto de medio plazo de la economía española.

No obstante, cuando exista un desequilibrio estructural en las cuentas públicas o una deuda pública superior al objetivo establecido, el crecimiento del gasto público computable se ajustará a la senda establecida en los respectivos planes económico-financieros y de reequilibrio previstos en los artículos 21 y 22 de esta ley.

2. Se entenderá por gasto computable a los efectos previstos en el apartado anterior, los empleos no financieros definidos en términos del Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales, excluidos los intereses de la deuda, el gasto no discrecional en prestaciones por desempleo, la parte del gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de otras Administraciones Públicas y las transferencias a las Comunidades Autónomas y a las Corporaciones Locales vinculadas a los sistemas de financiación.

3. Corresponde al Ministerio de Economía y Competitividad calcular la tasa de referencia de crecimiento del Producto Interior Bruto de medio plazo de la economía española, de acuerdo con la metodología utilizada por la Comisión Europea en aplicación de su normativa. Esta tasa se publicará en el informe de situación de la economía española al que se refiere el artículo 15.5 de esta Ley. Será la referencia a tener en cuenta por la Administración Central y cada una de las Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales en la elaboración de sus respectivos Presupuestos.

4. Cuando se aprueben cambios normativos que supongan aumentos permanentes de la recaudación, el nivel de gasto computable resultante de la aplicación de la regla en los años en que se obtengan los aumentos de recaudación podrá aumentar en la cuantía equivalente.

Cuando se aprueben cambios normativos que supongan disminuciones de la recaudación, el nivel de gasto computable resultante de la aplicación de la regla en los años en que se produzcan las disminuciones de recaudación deberá disminuirse en la cuantía equivalente.

5. Los ingresos que se obtengan por encima de lo previsto se destinarán íntegramente a reducir el nivel de deuda pública.”

Se establece no apartado 2 cómo se determina o volume de gasto computable a efectos de analizar o cumprimento da regra de gasto, pero non indica a norma que deba aprobarse. O límite de gasto non financeiro debe ser coherente coa regra de gasto, o que debe verificarse antes de aprobar o orzamento de 2018.

Dicir que dende a modificación operada na Orde HAP/2105/2012 pola Orde HAP/2082/2014 como consecuencia da modificación do seu artigo 15 non é obrigatorio informar o cumprimento da regra de gasto con ocasión da remisión da aprobación do orzamento se non unicamente con ocasión da liquidación, pero como é necesario proceder ao seu cálculo para



a determinación do teito de gasto non financeiro, pois igualmente séguese engadindo a súa análise no presente informe.

Para a determinación da Regra do gasto tívose en conta a Guía elaborada pola IGAE ao efecto, da que se desprenden os seguintes cálculos relativos:

- a) Se parte das previsións da liquidación do exercicio N-1, (OR), e dos créditos iniciais do exercicio N, que serán obxecto de axustes, nos termos que se indican a continuación.
- b) “Excluídos os xuros da débeda”, (capítulo III de gastos).
- c) Para o exercicio 2018 , faixe axuste a baixa sobre os créditos iniciais en base a media do grado de inexecución do gasto dos tres derradeiros exercicios para os capítulos 1, 2, 4, 5, 6 e 7 do estado de gastos, (-8,99%).
- d) Axuste nos dous exercicios (+/-), do saldo da conta 413.
- e) “Gasto financiado con fondos finalistas”: Se exclúe no cálculo o importe dos capítulos 4 e 7 de ingresos deducidos os conceptos 420, 470, 480, 720, 770, 780, así como aqueles valores atípicos de carácter non estrutural.
- f) A taxa de referencia de crecemento do PIB a fixa o ministerio, e para o 2018 é do **2,4%**.

No 12.4) dise que cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente.

Non se prevé ningún axuste o alza do límite da regra de gasto para ningún dos exercicios por este concepto porque os posibles aumentos da recadación responderían no seu caso á propia evolución tendencial da economía e non a medidas concretas adoptadas con tal fin e con vocación estrutural ao non terse acometido modificación fiscal algunha nesa liña.

De acordo có exposto o orzamento para o exercicio 2018 cumpriría a regra de gasto nos seguintes termos:

CONCEPTO	PREVISIÓN LIQUI.2017	PPTO 2018
CAP. 1 A 7 DE GASTOS	24.744.269,30	25.375.250,02
AXUSTES SEC	-227.818,71	-2.509.951,82
Conta 413 (+/-)	-227.818,71	-227.818,71
Invers. Realizadas por E.L. p/c de outra Admon. (-)	0,00	0,00
Inexecución (-)	0,00	-2.282.133,11
Empleos no finan. en térm. SEC excepto xuros	24.516.450,59	22.865.298,20
Pagos por transferencias internas (-)	974.789,11	984.959,54
Gastos financiados con fondos finalistas (-)	3.180.384,35	1.144.396,67
U.E	0,00	0,00
ESTADO	84.572,45	0,00



C.A.	1.896.917,36	1.098.252,33
DIPUTACIÓNS	1.145.566,05	34.004,34
OTRAS ADMONOEES PBLCAS.	53.328,49	12.140,00
TOTAL GASTO COMPUTABLE EJERCICIO	20.361.277,13	20.735.941,99

GASTO C 2017	TAXA REFERENCIA	LIMITE R.GASTO	AUMENT/DISM	LIMITE REGRA	GASTO C. 2018
20.361.277,13	2,400%	20.849.947,78	0,00	20.849.947,78	20.735.941,99
DIFERENCIA ENTRE LIMITE R.G. E G C. 2017/2018	114.005,79				
% DE INCREMENTO O DISMINUCION GC 2017/2018	-0,55%				

CONCLUSIÓN:

Gasto computable 2017 = **20.361.277,13 €**

Límite de Gasto computable = **20.849.947,78€**

Gasto computable 2018 = **20.735.941,99€**

O orzamento 2018 cumpre a regra do gasto.

4.-CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

A esixencia de e Estabilidade Orzamentaria aparece regulada no artigo 11 da LOEOSF 20/2012, onde se establece:

“(..).1. La elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de las Administraciones Públicas y demás entidades que forman parte del sector público se someterá al principio de estabilidad presupuestaria.(...)”

En consecuencia, ningunha Administración Pública poderá incorrer en déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais (art. 11.2 LOEOSF). As corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario (art. 11.4 LOEOSF).

A disposición derogatoria única da LOEOSF dispón que queda derogada a Lei orgánica 5/2001, de 13 de decembro, complementaria da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, así como o texto refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2007, de 28 de decembro.

O desenvolvemento regulamentario da LOEOSF, á data na que se subscribe este informe, enténdese que continúa recollido no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (que non foi derogado expresamente) en



cantas disposicións non se opoñan ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril. En definitiva e a falta do desenvolvemento regulamentario previsto na disposición final segunda da LOEOSF, considérase aplicable o RXEO, ata nova regulación.

Para as Corporacións Locais (art. 2.1 da LOEPSF), se cumpre o obxectivo de estabilidade presupostaria, se o conxunto dos orzamentos e estados financeiros iniciais das entidades clasificadas como administracións públicas que integran a Corporación Local, presenta equilibrio ou superávit, en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas.

Se como resultado dos cálculos e axustes practicados se derivara unha situación de inestabilidade, o Concello remitirá o informe correspondente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou órgano competente da Comunidade Autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, dende o seu coñecemento polo Pleno.

En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora debe elaborar un plan económico-financieiro que permita, nun ano, o cumprimento deses obxectivos ou da regra de gasto (art. 21.1 da LOEOSF). Os plans económicos-financieiros serán presentados perante os órganos contemplados nos apartados seguintes dese artigo no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento. Estes plans deberán aprobarse por ditos órganos no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento. Os plans económicos-financieiros elaborados polas entidades locais deberán estar aprobados polo Pleno da corporación (art. 23 da LOEOSF).

Para a medición da capacidade de financiamento dunha Entidade terase en conta as previsións de Ingresos dos Capítulos (1 a 7) do Estado de Ingresos, menos as previsións de gastos dos Capítulos (1 a 7) do Estado de Gastos máis/menos os axustes a aplicar ó saldo resultante dos Ingresos e Gastos non financeiros do Presuposto para relacionalo coa capacidade ou necesidade de financiamento calculada conforme al SEC. :

CONCEPTO	IMPORTE A AJUSTAR
CAP.1 INGRESOS	-1.179.379,63
CAP.2 INGRESOS	-17.066,39
CAP.3 INGRESOS	-262.360,98
+ PTE 2008	56.199,60
+ PTE 2009	107.571,12
DIFERENCIAS DE CAMBIO	0,00
GRADO EJECUCIÓN GASTOS (+/-)	2.469.496,18
CUENTA 413	-227.818,71
TOTAL	946.641,20

ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA



Ingresos non financeiros =	26.060.678,10
Gastos non financeiros =	25.457.250,02
Necesidade/Capacidade financiación	603.428,08
AXUSTES (+/-)	946.641,20
CAPACIDADE/NECESIDADE AXUSTADA	1.550.069,28

- (1) Os axustes polo criterio de caixa en termos SEC, aplicados sobre as PI dos capítulos 1 a 3 do orzamento 2018, son calculados sobre a media da recadación neta dos exercicios 2015, 2016 e 2017, (no caso de 2017, faise unha estimación da liquidación).
- (2) O axuste por inexecución de gastos calcúlase sobre a media dos exercicios 2015 a 2017, descartando os valores atípicos como sucede co grao de inexecución dos capítulos 6 e 7; (no caso de 2017 faise unha estimación da liquidación tomando como referencia o estado de execución do orzamento a 31/12/17). Ségúense os mesmos criterios que para a Regra de Gasto. **(8,99%)**.
- (3) **Axuste contas 413:** Ségúense os mesmos criterios que para a Regra de Gasto.

Dunha simple análise das operacións non financeiras (Capítulos 1 a 7 de ingresos- Capítulos 1 a 7 de gastos), ponse claramente de manifesto que este Proxecto de Orzamento cumpriría co principio de estabilidade orzamentaria, producíndose un superávit dos ingresos con respecto aos gastos que ascendería a **1.550.069,28€**.

En consecuencia, calquera desviación destas previsións poría en risco a estabilidade orzamentaria, que en concreto vese asegurada grazas á aplicación dun grao medio de inexecución de gastos do **8,99%**, o cal que permite compensar o incremento do crédito inicial do capítulo 6 , crédito que previsiblemente traducirase en obrigas que non van a ter a contrapartida en ingresos non financeiros, ao financiarse con cargo a pasivos financeiros. De feito, é a propia dinámica da tramitación administrativa desta entidade e a dilación inherente á execución de certos contratos de obras o que produce esta media de inexecución tan elevada que nos permite cumprir coa regra de gasto e co obxectivo de estabilidade, unha peculiaridade que de terse en conta, o apropiado sería limitarse a consignar aquel crédito que se sabe se terá capacidade para executar, do contrario estaremos adquirindo pasivos financeiros para financiar gastos que non serán executados no exercicio e que pola contra aumentarán o gasto corrente en concepto de xuros.

En síntese, en termos de estabilidade orzamentaria no caso de cumprirse estritamente tódalas previsións de gastos e ingresos deste Proxecto de Orzamento para o ano 2018 (execución nun 100% dos CI e PI), obteríase un unha situación de DÉFICIT, sendo o grao de inexecución o que nos permite descansar nun superávit axustado de **1.550.069,28€**.

De ahí a importancia de fixa-las previsións de ingresos de xeito prudente, tendo presentes os datos subministrados polos Departamentos de Intervención, Rendas, Tesourería e Recadación. Isto é importante tamén para que a Tesourería non se vexa afectada ao final de exercicio, e se poida producir o saneamento real das contas municipais, de xeito que inda que a estabilidade orzamentaria quede cuberta podan terse problemas de liquidez por ser a recadación moi inferior os dereitos recoñecidos o que se traduciría en insostibilidade financeira e incumprimento do período medio de pago.



5.- OBXECTIVO DE DÉBEDA E NIVEL DE DÉBEDA A 31/12/2018

Remítome ao informe Económico financeiro INT/2018/40-1, no referente ao volume de débeda, aforro neto e obxectivo de débeda para o 2018.

En canto ao nivel de débeda viva a 31 de decembro de 2018, de acordo co Estado da Débeda, a débeda viva sobre a base de amortizacións exclusivamente ordinarias e engadida a operación proxectada, ascenderá a **6.312.897,92€**.

6.- TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO.

Unha vez determinada a regra do gasto e o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, a LOEOSF impón a aprobación obrigatoria dun teito de gasto non financeiro. Para o cálculo do teito de gasto, o artigo 31 da Lei 20/2012 establece:

“1. El Estado, las Comunidades Autónomas y las Corporaciones Locales aprobarán, en sus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto no financiero, coherente con el objetivo de estabilidad presupuestaria y la regla de gasto, que marcará el techo de asignación de recursos de sus Presupuestos. El límite de gasto no financiero excluirá las transferencias vinculadas a los sistemas de financiación de Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales.(...)”

O artigo 30 esixe ás Entidades Locais a mesma obriga que a Unión Europea ven esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade e coa regra do gasto, pero non se establece a obriga de remisión de información sobre o mesmo, só aproba-lo.

O cálculo do teito de gasto realizase partindo dos seguintes parámetros:

Pártese dos ingresos non financeiros previstos para 2018, (remítome á táboa exposta para o cálculo da estabilidade), e a primeira comprobación é comparar se as previsións de gastos non financeiros en termos de gasto computable (capítulos 1 a 7, menos capítulo 3 e fondos finalistas), non superan o gasto computable de referencia (exercicio 2017), e polo tanto cumpre coa regra do gasto.

Remítome ó apartado 3º do presente informe, de onde resulta que o gasto computable respecta a regra do gasto para 2018.

Feita a comprobación, súmase ó gasto computable de 2017 o importe do capítulo 3 e a financiación procedente de administracións prevista para 2018, que foi subtraído para o cálculo da regra do gasto, e compróbase que se cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, (remítome ó apartado 4º do presente informe).

O teito de gasto non financeiro será o menor dos dous importes determinados, o de cumprimento de estabilidade presupostaria ou o de cumprimento da regra de gasto.



A aprobación do teito de gasto non financeiro debe facerse en termos consolidados, polo que remítome ao **apartado 7.4** do presente informe.

7.- ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DA REGRA DO GASTO, OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE E FIXACIÓN DO TEITO DE GASTO NON FINANCIERO EN TERMOS CONSOLIDADOS:

De conformidade cós artigos 11, 12, 13, 29 e 31 da LOEOF 20/2012, respecto ós orzamentos consolidados que elaboren as Corporacións Locais como subsector integrante do conxunto das administracións públicas, deberá analizarse non só o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, se non tamén, o cumprimento da regra de gasto, informar sobre o nivel de débeda viva a 31 de decembro, sobre o cumprimento do obxectivo de débeda, e todo dentro dun marco orzamentario a medio prazo, así como determinar o teito de gasto non financeiro.

Polo tanto no presente Anexo procederá a analizarse as “ratios” expostas tanto para a entidade matriz como para o seu organismo dependente, por ser preciso a presentación da información en termos consolidados SEC 95, de conformidade có artigo 2.1 da LO 20/2012, sen prexuízo de que a mero título informativo, no informe da Intervención delegada da Fundación, se analice de forma independente a súa estabilidade.

Non se analizará o obxectivo de débeda en termos consolidados debido a que a Fundación non posúe débeda financeira.

7.1.- ORZAMENTOS CONSOLIDADOS AXUSTADOS EN TERMOS SEC 95:

ORZAMENTO CONSOLIDADO 2018			
Gastos		Ingresos	
Cap. 1	10.856.166,19	Cap. 1	10.052.156,96
Cap. 2	11.074.772,90	Cap. 2	374.507,36
Cap. 3	82.050,00	Cap. 3	6.008.948,32
Cap. 4	1.911.766,63	Cap. 4	9.705.658,11
Cap. 5	118.889,30	Cap. 5	14.302,35
Cap. 6	1.380.000,00	Cap. 6	0,00
Cap. 7	128.500,00	Cap. 7	0,00
Cap. 8	150.000,00	Cap. 8	150.000,00
Cap. 9	1.733.428,08	Cap. 9	1.130.000,00
TOTAL	27.435.573,10	TOTAL	27.435.573,10

7.2.- DETERMINACIÓN DA REGRA DO GASTO EN TERMOS CONSOLIDADOS.

No referente á lexislación aplicable e parámetros de cálculo, remítome a cada un dos informes independentes da Entidade matriz e Organismo Autónomo dependente, limitándome a expoñer os cálculos en termos consolidados:

ENTIDAD	G.COMPUTABLE 17	TAXA DE REFER	AUMEN/DISM	LÍMITE REGRA	G. COMPU.
---------	-----------------	---------------	------------	--------------	-----------



					2018
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	20.361.277,13	2,40%	0,00	20.849.947,78	20.735.941,99
P.M. SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPALES	1.059.057,81	2,40%	0,00	1.084.475,20	1.111.072,55
TOTAL	21.420.334,94		0,00	21.934.422,98	21.847.014,54
DIFERENCIA ENTRE LIMITE R.G.2017 E G C. 2018	87.408,44				
% DE INCREMENTO O DISMINUCION GC 2017/2018	-0,3985%				

CONCLUSIÓN:

Gasto computable 2017 = 21.420.334,94€

Límite de Gasto computable = 21934.422,98€

Gasto computable 2018 = 21.847.014,54

O orzamento consolidado 2018 cumpre a regra do gasto.

O Orzamento consolidado cumpre ca regra de gasto, contando cunha marxe de **87.408,44€** amparado no grado e inexecución aplicado.

7.3.-CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA EN TERMOS CONSOLIDADOS:

ESTABILIDADE CONSOLIDADA	
0,00	DR-OR CAP 1-7 FUNDACION
36.962,99	AXUTES FUNDACION
36.962,99	NEC-CAP FINANCIACIÓN FUNDACION
984.959,54	AXUSTES POR OP. INTERNAS
36.962,99	NEC-CAP FINA FUNDACIÓN+AXUSTES
1.550.069,28	NEC-CAP CONCELLO
1.587.032,27	NEC-CAP COSNOLIDADO

O orzamento 2018 en termos consolidados **cumpre co obxectivo de estabilidade**, amparado no alto grado e inexecución aplicado, calquera desviación de dita media de inexecución do gasto, maior importe das obrigas pendentes de aplicar ao orzamento 2018, (conta 413), ou un aumento dos axustes por inexecución de ingresos debido a descensos na recadación, poderían comprometer a estabilidade orzamentaria, habida conta do efecto perverso que ten sobre o cálculo da capacidade de financiación, o recoñecemento de obrigas con cargo a financiación afectada.



Haberá que estar o que resulte dos informes de actualización trimestral do orzamento, e no seu caso adopta-las medidas orzamentarias que resulten precisas co fin de garantir o cumprimento do obxectivo de estabilidade.

7.4.- TEITO DE GASTO NON FINANCIERO EN TERMOS CONSOLIDADOS:

O teito de gasto non financeiro consolidado será o menor dos dous importes determinados, o de cumprimento de estabilidade presupostaria ou o de cumprimento da regra de gasto:

COHERENCIA CO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE				
ENTIDADE	INGRESOS NON Fº	GASTOS NON Fº	AXUSTES CONSOL.	TOTAL
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	26.060.678,10	25.457.250,02	946.641,20	1.550.069,28
P.M. SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS	1.146.895,00	1.146.895,00	36.962,99	36.962,99
TOTAL	27.207.573,10	26.604.145,02	983.604,19	1.587.032,27
AXUTE TRFNAS. INTERNAS	984.959,54	984.959,54	0,00	0,00
TOTAL CONSOLIDADO	26.222.613,56	25.619.185,49	983.604,19	1.587.032,27

COHERENCIA COA REGRA DE GASTO				
ENTIDAD	CAP I-VII GASTOS 2017	CAP III GASTOS 2018	C.4 E 7 INGRESOS 2018	TOTAL
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	20.361.277,13	82.000,00	1.144.396,67	21.587.673,80
P.M. SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS	1.059.057,81	0,00	6.000,00	1.065.057,81
TOTAL	21.420.334,94	82.000,00	1.150.396,67	22.652.731,61
AXUTE TRANSFERENCIAS INTERNAS	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL CONSOLIDADO	21.420.334,94	82.000,00	1.150.396,67	22.652.731,61

TEITO DE GASTO CONSOLIDADO	
COHERENCIA CO LÍMITE DE ESTABILIDADE	
CAPITULOS 1-7 INGRESOS	24.535.987,86
CAPÍTULO 1-7 GASTOS	22.948.955,59
NECESIDADE/CAPACIDADE FINANCIACIÓN	1.587.032,27
COHERENCIA COA REGRA DE GASTO	
GASTO COMPUTABLE 2017+CAP 3 E INGRESOS FINALISTAS 2018	22.652.731,61

En consecuencia o teito de gasto consolidado presentado para a súa aprobación na Memoria de Alcaldía e que ascende a 22.652.731,61€, se axusta á legalidade.



8.- REQUISITOS DO ANEXO DE INVESTIMENTOS:

O artigo 168.1.d do RDL 2/2004 inclúe o Anexo de investimentos entre a documentación a remiti-lo Pleno xunto o Orzamento.

O artigo 19 do RD 500/90 establece que o Anexo de investimentos recollerá a totalidade dos proxectos de inversión que se prevexan realizar no exercicio e deberá especificar para cada un dos proxectos :

- a.-Código de identificación.
- b.-Denominación do proxecto.
- c.-Ano de inicio e ano de finalización previstos.
- d.-Importe da anualidade.
- e.-Tipo de financiamento, determinando si se financia con recursos xenerais ou con ingresos afectados.
- f.-Vinculación dos créditos asignados.
- g.-Órgano encargado da súa xestión.

SEGUNDA PARTE: ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCIERA DOS ESTADOS NUMÉRICOS DO ORZAMENTO

A) ESTADO DE INGRESOS:

Como contido dos orzamentos integrantes do Orzamento Xeral a referencia é o Estado de Ingresos, no que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

O mesmo ten carácter de mera previsión; a diferenza do estado de gastos, non ten un carácter limitativo, senón provisional, será necesario polo tanto fixa-las previsións de xeito prudente, tendo sempre en conta os datos subministrados polos servizos de Tesourería, Rendas e a estimación da liquidación do exercicio anterior.

Os datos que figuran nas previsións de ingresos do proxecto de orzamento para o 2018, explicados na memoria da alcaldía para os capítulos 1 a 3, se corresponden cos datos subministrados polos departamentos de Tesourería, Rendas.

A consignación dos capítulos 4 e 7 fíxose sobre a base da información proporcionada polos diferentes servizos en canto as previsións de subvencións finalistas de carácter estrutural, como son as destinadas ao mantemento do Plan Concertado, SPAD, Conservatorio, Escola de Música, ADL, CIM....etc.

Respecto a ditas subvencións, consignadas no orzamento a efectos da nivelación do mesmo, sinalar que seguindo o artigo 173.6 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, a dispoñibilidade dos créditos do orzamento de gastos a elas vinculados quedará condicionada á existencia de documentos que acrediten compromisos firmes de aportación.



Na elaboración dos orzamentos deste Concello debe seguirse como premisa básica a consecución dun equilibrio orzamentario non só formal, isto é , que a suma dos ingresos sexa igual á suma dos gastos, senón a existencia dun equilibrio material, é dicir, que os dereitos a liquidar sexan iguais ou superiores ás obrigas que se van a recoñecer, posto que si que podería xerarse na liquidación do exercicio unha situación deficitaria de non conseguí-la execución suficiente para que as previsións de ingresos cheguen á fase de dereitos recoñecidos.

En canto á análise dos diferentes ingresos remítome ao Informe económico-financeiro que acompaña este Proxecto de Orzamento para o exercicio 2018 **INT/2018/40-1**.

B) ESTADO DE GASTOS:

1.- SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA FACER FRONTE AO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS:

Neste apartado corresponde o Informe de Intervención centrarse no sucinto análise dos créditos imputados a cada un dos capítulos do Orzamento de gastos, a suficiencia dos mesmos para facer fronte ao cumprimento das obrigas, así como un somero exame das principais modificacións observadas, dende a perspectiva dos principios de legalidade, eficacia, e eficiencia, responsabilidade e transparencia que deben presidir a execución do gasto público.

A Lei 2/2011 de 4 de marzo de Economía Sostible, se caracteriza por un proceso de consolidación fiscal para garantir a sostibilidade das finanzas das administracións públicas a medio prazo. Segundo o disposto no seu artigo 32 “ todas as Administracións Públicas deberán contribuír ao logro da sostibilidade orzamentaria das finanzas públicas, entendida como a capacidade para financiar os compromisos de gasto presentes e futuros.

A LOEOF de un paso máis ao consagra nos seus artigos 3 a 10, toda unha serie de principios que atopan ao longo do seu articulado as medidas para a súa implementación, os instrumentos para verificar o seu cumprimento así como medidas correctoras para o caso de incumprimento.

Remítome á análise pormenorizada destes gastos no Informe económico-financeiro que acompaña ao Orzamento **INT/2018/40-1**.

Unicamente analizarase con carácter específico neste informe a análise do cumprimento dos límites porcentuais aplicables aos distintos conceptos retributivos, o artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 8/1986 dispón:

“ Os créditos destinados a complemento específico, complemento de produtividade, gratificacións e, no seu caso, complementos persoais transitorios, será os que resulten de restar á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico, excluída á referida ao persoal laboral, a suma de cantidades que ó persoal funcionario lle corresponda polos conceptos de retribucións básicas, axuda familiar e complemento de destino”.

Sinalar a dificultade desta Intervención para determinar esta porcentaxe, debido á falta de correlación entre as contías que figuran nos anexos de persoal do orzamento e os créditos para persoal previstos no Capítulo 1.



En canto ao complemento específico:

COMPLEMENTO ESPECÍFICO	IMPORTE
1.- TOTAL MASA RETRIBUTIVA PERSOAL FUNCIONARIO (sen o non estrutural)	6.761.583,29
SERVIZOS EXTRAORDINARIOS FUNCIONARIOS	167.800,00
GRATIFICACIÓN FIXAS FUNCIONARIOS	24.636,12
TOTAL MASA RETRIBUTIVA GLOBAL	6.954.019,41
TOTAL BÁSICAS	2.123.457,80
TOTAL COMPLEMENTO DESTINO	808.850,36
MASA RETRIBUTIVA AXUSTADA	4.021.711,26
TOTAL C. ESPECÍFICO	1.222.641,22
% SOBRE MASA RETRIBUTIVA AXUSTADA	30%
LÍMITE (ART. 7 do RD 861/1986)	75%

A porcentaxe de complemento específico **NON** supera o límite legal máximo establecido polo artigo 7 do Real Decreto Legislativo 861/1986.

En canto ás gratificacións*:

GRATIFICACIÓN	IMPORTE
TOTAL MASA RETRIBUTIVA PERSOAL FUNCIONARIO (sen o non estrutural)	6.761.583,29
SERVIZOS EXTRAORDINARIOS FUNCIONARIOS	167.800,00
GRATIFICACIÓN FIXAS FUNCIONARIOS	24.636,12
TOTAL MASA RETRIBUTIVA GLOBAL	6.954.019,41
TOTAL BÁSICAS	2.123.457,80
TOTAL COMPLEMENTO DESTINO	808.850,36
MASA RETRIBUTIVA AXUSTADA	4.021.711,26
TOTAL GRATIFICACIÓN CAP 1	192.436,12
TOTAL GRATIFICACIÓN P. EXTRA	112.268,24
TOTAL GRATIFICACIÓN	304.704,36

* NOTA: Inda que non se poden clasificar como gratificacións propiamente nin como produtividade, debido a que terían que formar parte do complemento específico, sen embargo, por un principio de prudencia, para o cómputo da porcentaxe de produtividade se teñen en conta os seguintes conceptos: Retribucións por nocturnidade, festivos e domingos da policía.



% SOBRE MASA RETRIBUTIVA AXUSTADA	8%
LÍMITE (ART. 7 do RD 861/1986)	10%

As consignacións iniciais destinadas a gratificacións **NON** superan a porcentaxe do 10% a que fai referencia o artigo 7 do RD 861/1986.

En canto á produtividade:

PRODUCTIVIDADE	IMPORTE
MASA RETRIBUTIVA AXUSTADA	4.021.711,26
TOTAL PRODUCTIVIDADE	0,00
% SOBRE MASA RETRIBUTIVA AXUSTADA	0%
LÍMITE (ART. 7 do RD 861/1986)	30%

As consignacións iniciais destinadas a gratificacións **NON** superan a porcentaxe do 30% a que fai referencia o artigo 7 do RD 861/1986.

TERCEIRA PARTE: BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

As Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2018 sofren novamente as modificacións propias dun documento de natureza altamente dinámica como é este, consecuencia da necesidade de adaptalas aos cambios normativos así como de dar resposta a necesidades que foron facéndose patentes ao longo do exercicio 2018 ou a vista das indicacións do propio quipo de goberno; podemos resumi-las nas seguintes:

- Modifícase a base 9ª para simplificar o procedemento a seguir no caso de modificacións do Anexo de Investimentos.
- Modifícase a base 11ª para dar cabida a novos supostos de ampliación de créditos en base a sinistros.
- Modifícase a base 15ª para dar cabida a un suposto simplificado de baixas por anulación.
- Modifícase novamente a base 20ª para mellora do sistema de xestión contable na tramitación dos expedientes de gasto.
- Créase unha nova base 21ª relativa a especificidades na execución orzamentaria, especialmente as relativas ao peche contable, o que provoca a renumeración das seguintes bases.
- Se modifica a base 23ª relativa á ordenación de pagos.



- Se modifica a base 33ª relativa a actos de xestión relativos aos ingresos.
- Se modifica a base 42ª e 43ª relativas a aprazamento de débedas e tramitación de embargos.
- Modifícase a táboa das subvencións nominativas en metálico dando cabida a nova subvención de capital dom programa 231.
- Modifícase a base 59ª relativa a publicidade do período medio de pago.

Este é o meu Informe, que se emite segundo o meu saber e entender sen prexuízo doutro máis fundado con arreglo a dereito.

A INTERVENTORA,

Asdo: Trinidad Gómez Reiriz